

COMANDO LE

Grupo de activismo cultural de
Espazo Lectura



Que é o Comando Le?

O **Comando Le** é un grupo de activismo cultural que se constituíu dentro de Espazo Lectura en outubro de 2012.

Dentro da programación do Comando Le podemos atopar sesións de conversa arredor de libros ou de películas, obradoiros, xogos, charlas-coloquio, excursións e espectáculos poéticos, musicais ou teatrais.

A quen vai dirixido?

O *Comando Le* vai dirixido a rapaces e rapazas de máis de 12 anos. É unha actividade cultural e de lecer na que non teñen cabida as persoas adultas (coa excepción do equipo que coordina a actividade ou as persoas que, polo seu traballo ou polas súas experiencias, poden complementar e enriquecer as nosas propostas), o que constitúe un elemento fundamental da actividade que a diferencia doutras propostas de Espazo Lectura.



Cando se realiza?

As sesións do *Comando Le* teñen lugar na **Casa da Lectura**, unha antiga escola infantil situada na parroquia de Donas en Gondomar, o **último sábado de cada mes**, de **20:00h a 00:00h**, cunha pausa para unha cea compartida.

Esta estabilidade no tempo permite consolidar a actividade como un **referente cultural e de ocio en lingua galega**, tanto para a mocidade da vila e a súa contorna, como para as familias e os centros de ensino da zona que, convertidos en centros socio-protectores, facilitan a difusión da actividade entre a mocidade.

A continuidade das sesións facilita a participación das mozas e mozos en actividades de lecer de calidade, nunha zona na que a oferta deste tipo de actividades non abonda, e **favorece e reforza unha relación positiva coa lingua e co ocio cultural** a través dunha experiencia sostida no tempo.



Obxectivos xerais do Comando Le

Lingua galega

O Comando Le ten como obxectivo central **favorecer o uso, consolidación e valorización da lingua galega na mocidade**, nun momento vital no que é frecuente que o seu uso se abandone; ofrecéndoa como lingua natural para a comunicación, a diversión e a expresión emocional. Esta actividade crea un contexto no que o galego se presenta asociado á aprendizaxe, o desfrute, a imaxinación e á amizade e que consolida o traballo da nosa asociación en prol do fomento da lingua, iniciado nas primeiras idades con outras propostas de Espazo Lectura, nas que moitos comandoleiros e comandoleiras participaron, como Contos en Cueiros, o Contomar ou o Lendo contigo.



A través das actividades propostas, o Comando Le contribúe a **normalizar o galego como lingua de acceso á cultura e ao ocio**, reforzando a súa presenza nun ámbito fundamental como é o lecer adolescente. As comandoleiras e comandoleiros escoitan e empregan o galego nun espazo afectivo e próximo no que se achegan á lingua a través da lectura, da música, do cine ou doutras expresións culturais.

Así mesmo, a actividade promove unha **actitude positiva cara a lingua**, fortalecendo o vínculo emocional con ela e contibuíndo á súa consolidación para o seu uso futuro tanto no ámbito cultural, como na vida cotiá.



Activismo Cultural

O Comando Le pretende ser un **espazo de formación e de encontro** no que os adolescentes, partindo da lectura, pero tamén da música, do cine ou doutras expresións culturais, poidan reflexionar e debater sobre diferentes temas que lles interesen.



Son moitas as actividades nas que poden participar os comandoleiros e comandoleiras. Como xa sinalabamos, algunhas delas coa presenza de persoas que, polo seu traballo ou polas súas experiencias, complementan e enriquecen as nosas propostas. Reflexionamos sobre temas como a discapacidade, a relación entre literatura e cine, a relación entre o cerebro, linguaxe e a lectura, a diversidade afectivo sexual, a identidade de xénero ou a cooperación internacional.

En moitas sesións contamos coa presenza de **autores ou autoras** que nos visitan para falar dos seus libros ou para ofrecerlles aos comandoleiros e comandoleiras diferentes espectáculos. Tamén se inclúen **obradoiros** que lles permiten aos mozos e mozas participar dun xeito máis activo en diferentes propostas: de poesía, de ilustración, de encadernación, de creación de videopoemas ou de creación literaria. Ademais, en distintas tempadas a programación do Comando Le pechouse con **excursións** a distintas vilas e cidades do país, que nos permitiron realizar roteiros literarios e outras visitas culturais.

Todas estas propostas complementáanse con outras actividades coas que pretendemos que os comandoleiros e comandoleiras colaboren como **voluntarios e voluntarias** preparando sesións de contacontos ou de dinamización lectora noutras liñas de traballo de Espazo Lectura como o Contomar, as sesións dos mércores na Casa da Lectura ou a Noite na Biblioteca, dirixidas aos nenos e nenas máis pequenos.



Obxectivos específicos do Comando Le

Afectividade

O *Comando Le* busca favorecer unha **relación afectiva positiva coa cultura, utilizando a lingua galega como lingua vehicular.**

Procúrase que os participantes creen un vínculo emocional sólido coa actividade, convertendo os encontros en **espazos de seguridade emocional**, onde as comandoleiras e comandoleiros atopen referentes positivos e iguais cos que compartir gustos, afeccións e distintas experiencias.



Dimensión lúdica

Nas sesións do *Comando Le* búscase sensibilizar aos comandoleiros e comandoleiras en que a través dos libros ou doutras expresións culturais, podemos achegarnos a **actividades de lecer divertidas e motivadoras**, desenvolvidas en galego como lingua natural para o ocio, o xogo, a diversión e a relación. Deste xeito, a Casa da Lectura consolídase como un espazo de encontro vinculado á cultura pero tamén ao desfrute.

Dimensión social

O *Comando Le* pretende ser un espazo onde a mocidade poida compartir con rapaces e rapazas da súa idade as súas reflexións, experiencias e recomendacións. Asemade, a actividade busca potenciar nun entorno rural a Casa da Lectura como un lugar aberto, próximo e de relación social. **Un lugar de encontro no que a lingua galega funcione como elemento de cohesión, comunicación e relación**, un lugar capaz de favorecer vínculos comunitarios arredor da cultura.

Necesidades e recursos

O peso do *Comando Le* recae no **voluntariado**, nun equipo de cinco persoas (con certa sensibilidade cara a unha etapa do desenvolvemento tan especial como é a adolescencia), que coordina, diseña e dinamiza as actividades.

Este equipo coordinador reúne con certa periodicidade para realizar a escolla das temáticas a traballar, localizar recursos e propostas de calidade e atractivas para os adolescentes; organizar as sesións, que teñen unha duración de catro horas; ou organizar cos comandoleiros e comandoleiras sesións especiais como poden ser os contacontos nas actividades infantís ou a Noite na Biblioteca.

O equipo encárgase tamén da **difusión da actividade**. Para este labor resulta fundamental a colaboración dos centros de ensino secundario da comarca que, constituídos como centros socio-protectores de Espazo Lectura, dan a coñecer a actividade entre o seu alumnado.

Destacar que para o funcionamento deste club son fundamentais os **libros en lingua galega** que nos facilitan as editoriais socio-protectoras (actualmente contamos co apoio de 23 editoriais que asinaron este compromiso con Espazo Lectura) e, tamén, estar ao día das novidades e recursos que a industria da cultura galega nos ofrece: música, cine, teatro, exposicións.

Non obstante, debido ás peculiaridades da actividade, o *Comando Le* non podería desenvolverse se non contásenos cun espazo como a **Casa da Lectura**, sede da asociación, na que poder reunirmos os sábados ata a medianoite.

No ano 2023, por mor das reformas desenvolvidas na Casa da Lectura, houbo que recorrer a outros espazos, como a Biblioteca Pública Municipal de Gondomar, polo tanto, cabe destacar a colaboración do Concello de Gondomar, que nos cedeu estes espazos, o que nos permite dinamizar en lingua galega espazos públicos.

As peculiaridades do *Comando Le* fan que en ocasións a Casa da Lectura quede pequena para poder desenvolver as nosas propostas e que, por este motivo, teñamos que recurrir á colaboración dos centros de ensino que nos ceden as súas instalacións para o desenvolvemento da actividade, o que supón un atractivo engadido para as comandoleiras e comandoleiros que visitan o instituto en horario nocturno.

Accións e medidas

O proxecto susténtase na **implicación activa de persoas coordinadoras voluntarias**, ás que se acompaña e apoia mediante unha planificación coidada da programación anual. Esta planificación inclúe a definición de obxectivos, o calendario das sesións e a selección das temáticas a traballar, a partir das que logo se deseñan as actividades e se propoñen recursos, sempre atendendo a criterios de calidade, diversidade e adecuación ás idades e intereses dos participantes. É frecuente solicitar a opinión dos comandoleiros e comandoleiras para axustar as nosas propostas aos seus intereses.

A **difusión** da actividade realízase de maneira continuada a través das canles habituais de Espazo Lectura: nota mensual coas propostas, dirixida a todos os socios e socias da asociación e aos centros educativos, e redes comunitarias e sociais, coa finalidade de garantir unha participación ampla e sostida no tempo xa que a proposta deste club é abranguer a duración da etapa de Secundaria .

Así, as sesións do Comando Le desenvólvense como **espazos de encontro** nos que compartir propostas culturais, ocio, amizade e mesa, procurando ofrecer sesións coidadas que favorezan unha relación próxima entre as comandoleiras e comandoleiros e entre estes e as persoas coordinadoras. Ponse especial énfase no **fomento da participación**, promovendo a súa implicación activa durante as sesións, pero sempre desde o entendemento da etapa vital na que están e respectando os seus tempos e a necesidade de momentos compartidos cos iguais, necesidade que se reflicte claramente nesa pausa para a cea compartida e que favorece reforzar o vínculo entre eles e a actividade.

Finalmente, o proxecto incorpora un seguimento e unha avaliación continua das actividades desenvolvidas, recollendo valoracións das persoas participantes e do equipo coordinador. Este proceso permite introducir melloras progresivas, axustar a programación ás necesidades detectadas e garantir a calidade e a sustentabilidade da proposta ao longo do tempo.

Actuacións concretas: o Comando Le no ano 2023

XANEIRO

Cámara e acción! Obradoiro de creación audiovisual en colaboración coa Universidade de Vigo (Facultade de Tradución e Interpretación) e o proxecto europeo G-Book 3 (European teens as readers and creators in gender-positive narratives), desenvolvido no IES Auga da Laxe de Gondomar



FEBREIRO

Que me pare o corazón se te esquezo,
de Andrea Maceiras, coa presenza da autora, na Biblioteca Pública Municipal de
Gondomar



MARZO

Obradoiro de poesía con Anxo Iglesias, desenvolvido na Biblioteca Pública Municipal de Gondomar



ABRIL

Noite Golfa con María Lado e Lucía Aldao, *Chulísima*.
Un espectáculo para achegar a nosa lingua con retranca, humor, poesía e
música, desenvolvida no IES auga da Laxe de Gondomar



MAIO

Excursión do Comando Le a Padrón e Rianxo



MAIO

Os Comandoleiros e Comandoleiras como monitores da Noite na Biblioteca



OUTUBRO

Sesión de comezo de tempada, desenvolvida na Biblioteca Pública Municipal de Gondomar



NOVEMBRO

Manifestación 25N en Vigo



DECEMBRO

As mulleres que cultivaban néboas (Xerais) de Bea Gregores e obradoiro con Hadriana Ordóñez, psicóloga sanitaria e especialista en educación afectiva e violencia de xénero, que tivo lugar na Casa da Lectura



Avaliación

A avaliación do *Comando Le* é sempre continua e participativa, valorando o cumprimento dos obxectivos e o impacto social e afectivo. Para iso, emprégase indicadores cuantitativos relacionados con: número de sesións realizadas, número de participantes por sesión, idades dos comandoleiros e comandoleiras e continuidade de asistencia, tanto ao longo da tempada como nas seguintes tempadas. Tamén se valorarán aspectos cualitativos como a satisfacción xeral dos participantes despois das sesións, a das persoas convidadas para o desenvolvemento das mesmas e do grao de satisfacción das persoas coordinadoras, a calidade das sesións e das propostas e a implicación activa dos asistentes.

Ligazóns de interese

[Páxina web de Espazo Lectura](#)

[Lapela do Comando Le na web](#)

[Instagram de Espazo Lectura](#)

[Facebook de Espazo Lectura](#)

[Flickr de Espazo Lectura](#)



www.espazolectura.gal

@espazolectura

<https://www.flickr.com/photos/espazolectura/>